



Un contrapunto para Wojtyla

DescriciÃ³n



Defensor sen reparos da vida, a Igrexa de Wojtyla, inflexible ante o aborto, o uso de anticonceptivos ou a eutanasia, preocupouse moi pouco das vÃtimas das guerras. Condenou a de Iraq coa boca pequena, mentres abrazaba en privado aos enviados de Bush, privÃndonos aos outros defensores da vida dunha amoestaciÃ³n igual de contundente como a exhibida fronte a Ernesto Cardenal polo seu compromiso co sandinismo. Demasiado comprensivo cos poderosos, as sÃas bravatas morais adoececeron de inconsistencia e parcialidade. Non foi un Papa ecuÃnime, senÃ³n unha voz do seu tempo, comprometida de mais cunha cara da moeda, a versiÃ³n eclesiÃstica do neoliberalismo. Respectable, pero difÃcil de compartir.

Karol Wojtyla non foi un Papa calquera, diso non cabe a menor dÃ³bida. Que un polaco fose elixido Papa nun momento en que o rÃ³xime de Varsovia abaneaba, unha vez mÃjis pola acciÃ³n das protestas obreiras, foi un estimulo moi importante para todos aqueles movementos que na Polonia da dÃ³cada dos oitenta organizaban a revolta contra o POUP (Partido Obrero Unificado Polaco), unha burocracia enferma e sen credibilidade, a base de convocar manifestaciÃ³ns nas que os traballadores do naval desfilaban cos sÃmbolos da cruz e reivindicaban o capitalismo. A escenificaciÃ³n do fracaso histÃrico do socialismo real non podÃa ser mais contundente: un electricista en Gdansk admirando a Reagan e un Papa en Roma, Å¿vaia por deus!â? A igrexa de Wojtyla e de monseÃ±or Glemp, a sÃ³a voz local, actuaba de instigadora e de mediadora co rÃ³xime de Jaruzelski, valÃ³ndose da sÃ³a influencia en Solidarnosc, sempre cunha habilidade exemplar que todos os servizos, secretos ou non, recoÃ±eceron en mÃltiples ocasiÃ³ns, e sempre procurando a marxinciÃ³n dos crÃticos do rÃ³xime con ideas non conservadoras, os Kuron, Modzlewski ou Michnik.

Esa militancia mantívola este Papa noutras ocasións. É de lembrar a imaxe da súa visita a Nicaragua, cando reprende, ao pe do avión, a un Ernesto Cardenal, humildemente axeonllado, polo seu compromiso co sandinismo, un movemento progresista, emancipador, que tentaba experimentar un camiño novo para erradicar a miseria de Nicaragua. Wojtyła recriminou en público a Cardenal, cunha contundencia que nunca empregou con ningún de tantos que podiamos incluír nunha longa listaxe de depredadores dos valores humanísticos mais elementais e que a Igrexa asegura promover e enxalzar. Comezando por Ronald Reagan, claro está, presidente de EEUU, condenado con mais contundencia polo Tribunal da Haia, financiador da contra-revolución que enredou e finiquitou o sandinismo, cunha xenerosidade que Washington nunca tivo despois para contribuír ao seu desenvolvemento en condicións de paz. Nicaragua segue na miseria e afogase na corrupción mais descarnada. Cardenal é un poeta. ¿Que conseguiu o Papa?

A mesma coherencia mantivo Wojtyła á hora de procurar a defenestración de canta voz ou agrupación existía na Igrexa Católica, distante da curia vaticana pero virada para a asistencia franciscana aos mais necesitados, afogando, coa súa alongada man, a rica pluralidade que aínda servía de atractivo para tantos escépticos da mensaxe católica, practicando un nivel de dogmatismo que pouco debía envexar ao rancio marxismo leninismo de matriz soviética.

Defensor sen reparos da vida, a Igrexa de Wojtyła, inflexible ante o aborto, o uso de anticonceptivos ou a eutanasia, preocupouse moi pouco das vítimas das guerras. Condenou a de Iraq coa boca pequena, mentres abrazaba en privado aos enviados de Bush, privándonos aos outros defensores da vida dunha amoestación igual de contundente como a exhibida fronte a Cardenal. Demasiado comprensivo cos poderosos, as súas bravatas morais adoeceron de inconsistencia e parcialidade. Non foi un Papa ecuánime, senón unha voz do seu tempo, comprometida de mais cunha cara da moeda, a versión eclesial do neoliberalismo. Respectable, pero difícil de compartir.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Otros ARCHIVO

IDIOMA

Galego

Fecha de creación

7 de abril de 2005

Campos meta

Autoría : 3717

Datapublicación : 2005-04-07 00:00:00